

BIDUEIROS E LITERATURA

Medran na fraga variadas especies de liques, herbas, fieitos, arbustos e árbores, cada unha achegando a súa singulariedade e as súas características á complexidade do conxunto. Tamén acontece isto coa literatura pensada como fraga universal, esa enorme arquitectura de palabras que a humanidade toda foi tecendo co paso dos séculos e coa que cada colectividade e cada lingua van construíndo o seu día a día. Sucede que a literatura, oral ou escrita, é memoria, cerna, un dos elementos que definen e dan carácter a unha comunidade. Tamén é memoria a fraga, memoria, fertilidade, diversidade e lentura. Na fraga, un dos elementos esenciais é o bidueiro, árbore primeira en ocupar as terras debilitadas e os chans pobres aos que cada outono achega materia orgánica, abono que o inverno transformará en vida. Virán logo, sobre o chan enriquecido, as outras especies máis singulares e fachendosas do bosque: as faias, os carballos, os acivros ou os teixos.

Toda literatura debe ter os seus escritores bidueiro, eses que sen a pretensión de facer unha literatura de vangarda, escriben boas historias destinadas ao público do seu tempo, libros que, en calquera sistema normal, garanten un importante número de lectores que medrará, cualitativa e cuantitativamente coas súas obras, enriquecendo dese xeito o conxunto do sistema. Son estes escritores de referencia que permiten que, sobre eles, outros experimenten e traspasen as liñas do cotián. Para min, eses escritores bidueiros son esenciais, e nós temos uns cantos, algún recentemente desaparecido como **Manuel Riveiro Loureiro**, pero o noso sistema literario aínda non deu creado o amplo corpo lector para as súas obras.

Non é a primeira vez que comparo a **Xosé Fernández Ferreiro** co bidueiro. Para min el é o exemplo dese tipo de escritores aos que me refería. Autor de libros que forman parte do imaxinario colectivo e da memoria común, como *A saga dun afiador* ou *Morrer en Castrelo de Miño*, que probou a escribir novela galega do oeste, que nos deu esa magnífica historia que é *Agosto do 36*, narrada co sentido dun *western*, chega agora de novo ás librarías coa súa última novela *Tempo de centeo*, unha obra realista ou, se cadra, como xa se ten apuntado, neorrealista, que conta a historia dun mozo, Antonio, que deixa a aldea e vai vivir a unha pequena cidade de provincias, Ourense, nos anos da fame, tempo no que a única posibilidade de soñar era a que proporcionaba o cine. *Tempo de centeo*, se cadra, a crónica dunha educación sentimental, a dunha xeración castrada, insiste Pepe, aínda que el, a diferenza do protagonista, si soubo vencer os horizontes limitados que describe na novela.

Francisco X. Fernández Naval